


Do raio verde

Rosa Méndez achega con este libro unha luz ao poema total da humanidade, unha luz que se ensarilla nos paratextos poéticos que anobelan cada unha das catro partes nas que está dividido o poemario. E a luz cócese, entón, con citas de autores; nunha primeira parte, con González Garcés e Neruda “mordemos a mazá” e estamos “frente a frente” no gozo amante; na segunda, son as palabras de Fernán Vello e L. Rosales as que nos sitúan no misterio das cousas, da outredade; na terceira parte esta a estratexia da conquista, cos versos de Igor Lúgrís ou Mario Benedetti, o militar no amor, correr con precaución. Finalmente, unha cuarta parte, sen máis que as dúas citas: F.X. Fernández e Benedetti; a primeira dirixe a soidade cara ao río, mentres o poeta uruguaio sentenciar ese sentirse deshabitado do amante, aprendiz da soidade. A voz poeta sabe que no remate hai dúas soidades, dous tempos non compartidos, un tempo desacor-

Paisaxe no santuario da memoria



MARGA ROMERO



dado, a peor das mortes.

Gozamos coa lectura deste libro de amor e memoria, de plenitude e ausencia. Enleámonos co tempo que é futuro e co tempo que é pasado e regresa á infancia. Mais, sobre todo, na construción poética dun cronotopo onde reside a existencia e a resistencia, onde se desenvolve unha identidade, a aprendizaxe clásica da viaxe. Con estes versos constrúese moito máis que un *locus amoenus*, que chega a ser doloroso. Con estes encabalgamentos sintácticos créase todo un territorio vivencial, unha paisaxe emocional - que é o mellor acerto do libro- desde os petouros das Gabeiras, polo río do

Belelle, até o teito do garaxe, pasando polos andeis e as potas da coziña, lugares onde o mundo estala “a oito”, coordenadas xeográficas marcadas por “cento e mil penedos, meu amor,/ que tentan afastarnos.” Poemario, pois, sabiamente construído que entronca coa fermosa canción feminina de amor, “atrápame na noite, meu señor”, di a poeta. E tamén di “Durme, meu amor”, e constrúe unha cantiga de berce, por iso está aí o mar e tamén a outra mar, feminina, soterrada; a mar poética de tantos séculos, renacida cun léxico auténtico desde o que se nos crean as mellores imaxes hilozoístas, a mar vivida pola amiga, a do desexo de afundirse coa morte rosaliana ou unha que pode evocar a mar social das “rochas negras de morte”. No remate, a memoria e a paisaxe, o raio verde, visión afortunada e para nós autenticidade, que aquí non é palabra trivial.

MÉNDEZ FONTE, Rosa,
O raio verde, Ed. Espiral
Maior, A coruña, 2005, 94
páxinas